

REUNIÓN XEFATURA TERRITORIAL OURENSE, 17 DE DECEMBRO DE 2014

ASISTEN: Raquel (Xefa RRHH), Fisteos (Xefe Inspección), Mercedes (XT), David (STEG), Manoli (CCOO), Bieito (CIG), Quintas (UXT), José Manuel (ANPE)

HORA: 10.00 horas

1.- Situación do patio do Centro de Infantil Padre Feijoo de Allariz.

A XT informa de que se vai a arranxar. O Concello de Allariz mercou un anaco máis de terreo e vaise chegar a algún acordo entre XT Ourense e Concello para solucionar os problemas que existen, como o dos charcos.

2.- Previsión de actuacións en centros do rural que aparecen moi desabastecidos e en condicións , nalgúns casos, lamentables. (Calvos de Randín, Punxín..) tal e como poidemos constatar nas recentes visitas sindicais.

** Ao caso de Calvos de Randín din que hai que buscar “outra saída”. Din dende a XT que as condicións son terribles, pero que por outra banda, o ano que vén estarán con 6 alumnas/os e que se esa é a previsión, o máis probable é que se peche o centro. Din dende a XT que tanto nais como pais coinciden coa análise.

** Punxín: é un caso similar ao de Calvos de Randín, con moi pouco alumnado e o pouco que hai non é de alí, e que hai moitas posibilidades de que o centro non siga adiante

3.- Información relativa á resolución do Pleno do 15 de febreiro de 2014 na que se solicitaba información sobre o número de roubos e sinistros ocorridos durante o pasado curso , a valoración económica dos mesmos e a quén acabou asumindo os gastos.

Entregan información en papel onde se detallan os roubos e sinistros que se produciron en 2012, 2013 e 2014 pero só aqueles nos que a contía foi superior a 600€ porque de ser menor, non se tramitaron a través da compañía de seguros porque non superaba a franquía. Os datos son:

ANO	ROUBOS	SINISTROS
2012	4	6
2013	13	6
2014	3	10

STEG informa de que ten solicitado copia da póliza e do protocolo de actuación para roubos e sinistros que leva a Consellería, e que a que se lle ten remitido indica que a franquía é de 6000€ e non de 600€ tal e como se comenta nesta XT. Raquel informa de que a póliza é correcta, só que non se modificaron os datos e que a franquía correcta é de 600€ e non de 6000€ tal e como se explicita nesa póliza.

4.- Instrucións sobre aplicación da LOMCE . (Concreción da información e instrucións relativas ás equipas, ciclos, coordinacións, CCPs, Departamentos de Orientación...etc

Fisteos indica que xa nos contestou a esta pregunta, pero que resumindo moito, é unha cuestión de lexislación e que sobrepasa as competencias da XT. Di que está publicado Calendario Escolar, Decreto de Currículo, FPB, Orde de oferta de FPB e desenvolvemento decreto de primaria. Sabe que se está traballando na Orde de regulación de primaria, Currículo de ESO e incluso que se van a publicar unhas publicacións de referencia. Pero, en todo caso, respecto ao tema das CCPs, que eso ven determinado polo ROC e ate que non haxa modificación do ROC, non hai nada que facer.

STEG pide que quede recollida a súa petición de que se lles teña en consideración e se lles puntúe a todo o profesorado que foi nomeado como titor/a de nivel e que agora mesmo non teñen recollido

en ningún documento oficial que o seu traballo vaia a ser recoñecido igual que antes era recoñecida a tutoría de ciclo. Fisteos di que trasladarán a nosa petición.

CCOO pregunta polas notas de Atención Educativa e pide que haxa un criterio unánime entre inspectoras/es porque a contestación que se da é diferente segundo o inspector/a á/ao que se pregunte. Fisteos informa de que efectivamente é un tema que non teñen tratado nas reunións de inspección e que o tratarán na próxima.

5.- Información sobre a avaliación recollida no Decreto de Plurilingüismo para, recabados os datos, comprobar a eficacia do mesmo. Previsións de realización, cómo, cando...

Fisteos informa de que non hai un protocolo establecido e de que sí se está dando información dende os centros, pero que, insiste, non hai protocolo de avaliación.

Dise que dende a inspección estase velando polo cumprimento da normativa, e que aínda que non hai instrucións para aplicar a ADICIONAL QUINTA, eso non quere dicir que non se está aplicando.

STEG insiste en que aparece recollido en dúas disposicións, e solicita que se pida á Consellería directamente calen son as directrices e cal é a información que se está recabando para facer esa avaliación. Aceptan consultar e informar.

6.- Información sobre número de alumnos/as por centro e curso en Primaria, Infantil, Bacharelato e ESO, e por centro e ciclos en FP así como os datos de FP Básica.

Queda pendente para a seguinte reunión, porque non teñen todos os datos completos.

7.- Xubilacións forzosas e anticipadas a 31 de decembro do 2014.

Entregan os documentos con xubilacións, tanto de primaria como de secundaria ate o 31 de decembro de 2014, e tanto as voluntarias como as forzosas.

8.- Datos sobre as vacantes dos Consellos Escolares que quedaron sen cubrir nas últimas votacións, tanto de profesores como de Pais/nais e alumnado.

Din que non teñen os datos definitivos porque aínda que as votacións xa se celebraron, falta recabar os datos. Queda pendente para a seguinte reunión.

9.- Datos sobre as necesidades de coidadores na provincia (na última reunión informouse que se estaba a realizar a análise..)

Fisteos informa de que efectivamente foron recollendo datos sobre necesidades e que vai a haber unha segunda fase co EOE para facer contraste. Di que a provincia está razoablemente atendida.

Informa de que esta situación serve para optimizar os recursos, saber cando hai alumnado de baixa prolongada para poder usar eses recursos humanos noutro centro, etc... Di que teñen moita colaboración e axuda por parte de coidadoras/es porque son moi dispostas/os e que non poñen pegas cando hai movemento de centro de traballo.

Remata tamén informando de que hai algún punto concreto na rede de centros en Ourense na que se podería “apretar” máis en caso de que fose necesario reforzar outra zona.

STEG pregunta se detectaron algún centro no que se solicitase máis persoal. Fisteos contesta que na maioría de casos se solicita máis persoal, pero que non é necesario e que a provincia está perfectamente atendida.

10.- Solicitud por parte da Xefatura Territorial de Ourense de vacantes a cubrir mediante o Concurso Oposición previa á convocatoria do mesmo. (Primeiro détéctanse as necesidades e logo convócanse as vacantes?)

Infórmannos de que dende esta XT non se presentan datos de xubilacións porque eses datos xa obran en máns da consellería a través das aplicacións informáticas. Fisteos informa de que eles fan solicitudes concretas para o CXT, pero que para oposicións non o fan porque eses datos xa lles consta en San Caetano.

11.- Rogos e preguntas

ANPE solicita da Delegación e da Consellería unha posición respecto ao conflito de basura/limpeza nos centros educativos. Di que é un conflito laboral de traballadoras/es e do Concello de Ourense e que non debería afectar á situación normal dos centros. Tamén informa de que un responsable da Concellería de Educación (Ourense) convocou unha xuntanza coas direccións dos centros da capital, algo ao que considera que non teñen autoridade. E continúa informando de que nesa reunión houbo ameazas a aqueles directores que se negaran a asinar “actas” de que se realizaron servizos de limpeza nos seus centros. Pide unha contestación por parte da Consellería.



STEG